

MATERIA
Contabilidade Financeira I

unidade
didáctica
3

TITULACIÓN
Grao en Administración e Dirección de Empresas

Ciencias Sociais e Xurídicas

Existencias

José Manuel Maside Sanfiz

**Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais**

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na
licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo
excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-47-0

MATERIA: Contabilidade Financiera I

TITULACIÓN: Grao en Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Harmonización contable internacional

Unidade II. Normalización da contabilidade en España. Estrutura do PGC

Unidade III. Existencias

Definición, clasificación e método de contabilización

Normas de valoración. Valoración inicial

Normas de valoración Métodos de asignación de valor

Valoración posterior. Deterioración de valor das existencias

Unidade IV. Acreedores e deudores por operacións comerciais. IVA

Unidade V. Activo non corrente

Unidade VI. Arrendamentos

Unidade VII. Activos financeiros

Unidade VIII. Financiamento alleo

Unidade IX. Financiamento propio. Aplicación do resultado

Unidade X. O imposto sobre sociedades

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBIECTIVOS

METODOLOXÍA

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Definición, clasificación e método de contabilización
2. Normas de valoración. Valoración inicial
3. Métodos de asignación de valor
4. Valoración posterior. Deterioración de valor das existencias

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

ANEXO I

PRESENTACIÓN

O tratamento contable das existencias é un aspecto fundamental nas empresas que se dedican á comercialización ou transformación de produtos, pois a súa valoración contable afecta o seu resultado.

Esta unidade didáctica forma parte da materia Contabilidade Financeira I impartida no segundo curso do Grao en ADE. Céntrase na definición, clasificación e problemática contable das existencias. Dentro da problemática contable das existencias, e xa que as contas a utilizar e os seus movementos contables xa foron tratados na materia Introducción a Contabilidade de 1º curso do grao, facemos agora especial fincapé nas normas de valoración das mesmas.

Os contidos desenvolvidos na unidade enmárcanse no eido da contabilidade financeira e aplicamos as normas que regulan a mesma. Esta é unha das primeiras unidades didácticas do curso e contribúe á formación do alumno, ao permitirlle unha mellor comprensión do funcionamento contable das existencias e os seus efectos nas contas anuais, especialmente no balance e na contas de resultados da empresa.

En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 3,5 horas expositivas e interactivas, distribuídas en 1 hora de sesión expositiva e 2,5 horas de sesión interactiva.

OS OBXECTIVOS

Como parte da materia Contabilidade Financeira I esta unidade didáctica contribuiría á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- coñecer, comprender e aplicar as normas contables necesarias para a elaboración da información financeira e;
- coñecer os principais estados contables e as súas características básicas.

En canto aos obxectivos específicos, nesta unidade preténdese que o alumnado sexa capaz de:

- saber definir as existencias e diferencialas doutros activos;
- coñecer as contas utilizadas para a súa contabilización e as súas relacións contables e cal vai ser a súa valoración inical, é dicir a cantidade de custo que podemos recoñecer como activo, así como o seu recoñecemento posterior como un gasto do exercicio, incluíndo calquera deterioración que minore o seu valor en libros ao seu valor neto realizable.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada nesta unidade será semellante ás das outras unidades de materia. De forma resumida consistirá en facer unha exposición dos conceptos teóricos máis importantes nas horas expositivas e reforzar e debater os aspectos prácticos derivados dos mesmos nas horas interactivas. Ademais haberá un pequeno

traballo en grupo que versará sobre a información recollida nas contas anuais dunha empresa real sobre as existencias.

En concreto, tendo en conta os coñecementos previos dos alumnos respecto as existencias, vistos no 1º curso de grao na materia Introducción a Contabilidade, utilizaremos nas clases expositivas a lección maxistral para realizar unha explicación dos conceptos teóricos. Nunha segunda etapa o profesor resolverá na aula diferentes exercicios relativos os contidos abordados e as dúbidas que poidan xurdir. Para un correcto seguimento das clases, os alumnos disporán do material didáctico coa suficiente anterioridade a cada unha das sesións a través da universidade virtual da USC (*blackboard*).

Pola súa parte os alumnos terán que resolver, de forma individual ou en grupo, diferentes exercicios e problemas que estarán á súa disposición na USC virtual. Posteriormente o profesor resolverá aqueles exercicios que suscitaron problemas aos alumnos, fomentando o debate e a discusión sobre os mesmos. Ademais están propostas para cada unidade actividades de autoavaliación que se atopan na aula virtual e unha proba de comprensión dos coñecementos explicados. Desta maneira o alumno poderá comprobar as puntuacións acadadas e asistir ás titorías para resolver os problemas detectados.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Definición, clasificación e método de contabilización

As existencias forman parte do activo circulante da empresa e constituen o seu inventario, integrándose no ciclo de explotación da mesma coa finalidade de converterse en efectivo a través da súa venda aos clientes.

As empresas necesitan aprovisionarse dunha serie de bens para desenvolver a súa actividade e producir os bens destinados a ser vendidos. As existencias son definidas no Plan Xeral de Contabilidade (PXC) como aqueles activos posuídos para seren vendidos no curso normal da exploración, en proceso de produción ou en forma de materiais ou subministracións para seren consumidos no proceso de produción ou no de subministración de servizos.

Así dentro do grupo 3 as existencias clasifícanse en:

- 30. Comerciais: bens adquiridos pola empresa e destinados a ser vendidos sen transformación. Este tipo de existencias atoparémolas en empresas comerciais.
- Outra serie de bens cuxo destino non é a súa venda senón a incorporación ao proceso produtivo: 31. Materias primas e 32. Outros aprovisionamentos, por exemplo combustibles, material de oficina, envases e embalaxes, etc. Estas existencias podémolas atopar tanto en empresas comerciais como industriais.
- Noutros subgrupos recóllense outras existencias que se obteñen como consecuencia do proceso produtivo e cuxo destino é ser vendidas (produtos terminados, subproductos e residuos, etc.) ou que aínda están en proceso

de produción (produto en curso, semiterminados, etc.): 33. Produtos en curso e 34. Produtos semiterminados, 35. Produtos terminados e 36. Subprodutos, residuos e materiais recuperados. Este tipo de existencias aparecerannos nas empresas industriais.

As existencias considéranse activos correntes, é dicir que se esperan vender ou consumir no transcurso do ciclo normal de explotación, cuxa duración con carácter xeral considérase inferior a un ano. Non obstante determinadas empresas teñen un ciclo de explotación superior ao ano, por exemplo unha empresa de promoción inmobiliaria que está a construír un edificio cunha duración prevista de 2 anos, o final do primeiro ano a obra en curso pendente de terminar contabilízase como unha existencia e recolleríase no activo corrente aínda que a súa venda prevista supere o exercicio económico.

O PXC contempla para o seu contabilización o método especulativo con desagregación en contas de compras e vendas, de maneira que ademais dos subgrupos sinalados anteriormente o PXC incorpora os subgrupos 60 (Compras), 70 (Vendas de mercaderías, de produción propia, de servizos, etc) e 61 e 71 (Variación de existencias) para a contabilización das existencias.

Ao utilizar o método especulativo o saldo das contas de existencias (grupo 3) durante o exercicio será, ata a súa regularización a final de exercicio, o das existencias iniciais. Durante o exercicio rexístranse as compras e as vendas e ao peche do período realizarase un inventario para calcular as existencias finais no almacén. Unha vez coñecidas contabilízase a súa variación, o que nos permitirá obter o resultado da empresa.

2. Normas de valoración. Valoración inicial

Debemos facer referencia ás normas de rexistro e valoración (NRV) de aplicación ás existencias, neste caso a NRV nº 10 do PXC.

Os bens e servizos comprendidos nas existencias valoraranse polo seu custo, sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción.

O prezo de adquisición inclúe:

Prezo de adquisición:
+importe facturado
-descontos, rebaixas e similares
-intereses incorporados ao nominal dos débitos*
+ gastos adicionais ata que os bens áchense situados para a súa venda, tales como transportes, aranceis de aduanas, seguros, etc
+ impostos non recuperables directamente da facenda pública, por exemplo o IVE soportado non deducible

(*) Poderán incluírse os intereses incorporados aos débitos con vencimiento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual.

O custo de produción determinarase:

Custo de produción
+ prezo de adquisición materias primas consumidas
+ custos directos
+ custos indirectos correspondentes á fase de fabricación/elaboración/construción, e nos que se incorra para situalos para a súa venda

A NRV 10ª ademais sinala que para as existencias que necesiten un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de ser vendidas (existencias de ciclo longo), inclúranse no prezo de adquisición ou custo de produción os gastos financeiros devengados ata ese momento. Dentro dos gastos financeiros estarían os xirados polos provedores ou correspondan a préstamos ou outro tipo de financiamento alleo, específico ou xenérico.

Vexamos algúns exemplos:

Unha empresa dedicada á venda de material de oficina comprou 1.000 bolígrafos a un proveedor de China a 2,00 €/unidade. Os gastos de transporte ata o porto de Vigo foron de 300,00 €, os aranceis de aduanas de 400,00 € e os seguros de transporte 100,00 €, os gastos de transporte ata a nave da empresa ascenderon a 75,00 €. O proveedor aplicounos un desconto por volume de facturación de 250,00 €.

Solución:

Prezo de adquisición: $2000 + 300 + 400 + 100 + 75 - 250 = 2.625,00$

Unha empresa dedícase ao secado de xamóns cunha curación de 20 meses. O 01/01/01 comprou 1.000 xamóns a un prezo de 20,00 €/xamón. Para financiar o proceso de secado formalizou nesa mesma data un préstamo con vencimiento a 18 meses polos que aboa unhas intereses semestrais de 200,00 €. Os custos directos ascenderon durante o primeiro ano a 5 €/xamón e os custos indirectos de fabricación a 10 €/xamón.

Solución:

Custo de produción:

Consumo de materia prima: 20.000,00€

Custos directos: $5,00€/xamón \times 1.000 = 5.000,00€$

Custos indirectos de fabricación: $10,00€/xamón \times 1.000 = 10.000,00€$

Gastos financeiros: 400,00€ (200,00 € por semestre).

Total = 35.400,00€

3. Métodos de asignación de valor

Os métodos de asignación de valor das existencias son necesarios para valorar a saída do almacén dos distintos tipos de existencias e aquelas que permanecen no mesmo ao peche do exercicio.

Á hora de valorar as súas existencias a empresa:

- adoptará con carácter xeral o método do prezo ou custo medio ponderado cando se trate de valorar bens intercambiabes entre si. Tamén se acepta o FIFO (primeira entrada-primeira saída) se a empresa o considera máis conveniente para a súa xestión;
- se se trata de bens non intercambiabes ou os producidos ou segregados para un proxecto específico o valor asignarase identificando o prezo de adquisición ou custo de produción de cada ben de forma individual. Desta maneira tanto as saídas de existencias como as existencias finais aparecerán valoradas ao seu verdadeiro valor.

Vexamos un exemplo.

Unha empresa comercial facilítanos os seguintes datos sobre as súas mercaderías. As existencias iniciais ascenden a 10.000 unidades valoradas a 1.100,00€. En febreiro compra 7.500 unidades a 1.600,00€. En marzo vende 8.000 unidades a 2.000,00€. En maio compra 1.000 unidades a 1.500,00€. Gastos de transporte 60 €/unidade e desconto comercial incluído en factura de 90,00 €/unidade. O 1 de xullo vende 2.000 unidades a 2.100,00 €/unidade e o 15 de xullo 500 unidades a 2.100,00 €/unidade. A finais de xullo devólvemos 500 unidades procedentes da última venda por incumprimento do prazo de entrega pactado.

Pídese: Elaborar a correspondente ficha de almacén e calcular as existencias finais seguindo para iso o método do:

- a) Prezo medio ponderado
- b) FIFO

Solución:

Prezo medio ponderado

Data	ENTRADAS	SAÍDAS	EXISTENCIAS
Existencias iniciais			10.000 × 1.100,00
febreiro	7.500 × 1.600,00		17.500 × 1.314,29
marzo		8.000 × 1314,29	9.500 × 1314, 29
maio	1.000 × 1.470,00		10.500 × 1.329,12
xullo		2.500 × 1329,12	8.000 × 1329,12
xullo (devolución)	500 × 1329,12		8.500 × 1329,12=11.297.520,00

FIFO

Data	ENTRADAS	SAÍDAS	EXISTENCIAS
Existencias iniciais			10.000 × 1.100,00
febreiro	7.500 × 1.600,00		10.000 × 1.100,00 7.500 × 1.600,00
marzo		8.000 × 1.100,00	2.000 × 1.100,00 7.500 × 1.600,00
maio	1.000 × 1.470,00		2.000 × 1.100,00 7.500 × 1.600,00 1.000 × 1.470,00
xullo		2.000 × 1.100,00 500 × 1.600,00	7.000 × 1.600,00 1.000 × 1.470,00
xullo (devolución)	500 × 1.600,00		7.500 × 1.600,00 1.000 × 1.470,00

4. Valoración posterior. Deterioración de valor das existencias

En canto á valoración posterior das existencias o PXC sinala que se o valor neto realizable é inferior ao seu prezo de adquisición ou custo de produción será necesario contabilizar as correccións valorativas oportunas, recollendo unha perda por deterioración na conta de resultados. Se a corrección de valor desaparece, a deterioración será obxecto de reversión recoñecendo un ingreso a conta de resultados.

Hai que facer referencia a uns casos específicos.

- Se falamos de correccións valorativas de materias primas e outras subministracións, non se realizará corrección valorativa se esperamos que os produtos terminados aos que se incorporen van ser vendidos por encima do custo. Cando unha redución no prezo das materias primas indique que o custo dos produtos terminados excederá ao seu valor netorealizable, rebaixarase o seu importe en libros ata cubrir esa diferenza. O custo de reposición das materias primas pode ser a mellor medida dispoñible do seu valor netorealizable.
- Para as existencias que foron obxecto dun contrato de venda en firme o valor netorealizable basearase no prezo de venda estipulado no contrato en cuestión.

O PXC recolle os seguintes subgrupos para a contabilización destas operacións:

- 39. Deterioración de valor das existencias.
- 69. Perdas por deterioración e outras dotacións.
- 79. Reversións da deterioración.

Vexamos un exemplo:

Unha empresa dedícase á fabricación de dous produtos (A e B). O custo de produción do produto A é de 21.000,00 € e do produto B de 60.000,00€.

Contabilizar as correccións valorativas oportunas se ao final do exercicio a empresa ten no seu almacén:

- dez unidades de produto A: o prezo de venda unitario é de 30.000,00 €, é a empresa deberá incurrir nuns gastos de comercialización de 7.500,00 €;
- unha unidade de produto B: o prezo de venda unitario é de 65.000,00 € e os gastos de comercialización do 10%;
- as existencias finais de materias primas necesarias para a realización do produto B están valoradas en 15.000,00 € e o seu prezo de reposición ascende a 14.000,00€.

Solución:

Produto A:

Custo de produción: 21.000,00€

Valor neto realizable = 30.000,00-7.500,00 = 22.500,00€

Corrección valorativa: non procede

Produto B:

Custo de produción: 60.000,00€

Valor neto realizable = 65.000,00-6.500,00 = 58.500,00€

Corrección valorativa: 1.500,00€

	Perdas por deterioración de produtos terminados e en curso de fabricación (6930)	x	Deterioro de valor dos produtos terminados(395)	
1.500,00		a		1.500,00
		x		

Materias primas:

As materias primas necesarias para a fabricación do produto A non deben ser obxecto de corrección valorativa, xa que a empresa espera vender o produto por encima do custo. Non obstante, a empresa estima que o produto B será vendido por baixo do seu custo. Por iso, é necesario comprobar se é necesario efectuar correccións valorativas nas materias primas necesarias para a fabricación deste produto. A empresa pode utilizar como a mellor medida dispoñible do seu valor neto realizable o seu prezo de reposición:

Prezo adquisición: 15.000,00 > Prezo de reposición: 14.000,00

Corrección valorativa: 1.000,00

	x	x			
1.000,00	a	1.000,00			
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="text-align: center;">Perdas por deterioración de materias primas (6932)</td> </tr> </table>	Perdas por deterioración de materias primas (6932)		<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="text-align: center;">Deterioro de valor das materias primas (391)</td> </tr> </table>	Deterioro de valor das materias primas (391)	
Perdas por deterioración de materias primas (6932)					
Deterioro de valor das materias primas (391)					
	x				

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Nesta unidade didáctica vanse realizar diferentes actividades:

Actividade de coñecementos previos. Mediante un breve cuestionario e un debate aberto en clase trataremos de verificar os coñecementos previos dos alumnos sobre as existencias.

A continuación, realizaranse diferentes actividades que inciden nos contidos tanto teóricos como prácticos.

Así, a nivel teórico, propóñense diferentes actividades co obxectivo de que o alumno domine a contabilización das existencias, facendo fincapé na súa valoración e as repercusións nos estados contables. Os materiais básicos necesarios serán o PXC e o capítulo 2 do manual recomendado na bibliografía. Esta fase de desenvolvemento teórico da unidade completárase posteriormente con cuestionarios de autoavaliación deseñados para estes contidos, que estarán a disposición dos alumnos na aula virtual da materia.

Nas sesións interactivas resolveranse distintos exercicios tomando como referencia o manual básico que aparece no programa da materia. Algúns destes exercicios faranse de forma individual ou en grupo na aula, tratando que os alumnos participen activamente na súa solución.

Así mesmo proporcionaráselles os alumnos unha serie de exercicios que deberán resolver de forma individual fora da aula. Parte destes exercicios están recollidos no manual recomendado e outros son elaborados polo profesor e están a súa disposición na aula virtual. Calquera dúbida ou comentario sobre eles serán resoltos nas sesións de titorías.

As actividades anteriores complementaranse coa realización dunha proba de comprensión dos coñecementos, unha vez rematada a súa explicación (detalle dunha proba tipo no anexo 1). Poñeranse a disposición dos alumnos diferentes probas realizadas en anos anteriores.

Por último os alumnos, de forma individual ou en grupo e fora das horas de clase, terán que responder a unha serie de presuntas sobre a información que o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria proporcionan sobre as existencias. A principios do curso asignaráselle, a cada alumno ou grupo, as contas anuais dunha empresa sobre as que deberán responder a unha serie de cuestións nas diferentes unidades didácticas.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Todas a unidades didácticas que conforman a materia Contabilidade Financeira I serán avalidadas da seguinte maneira: un 70% mediante un examen final composto por preguntas referentes a todas as unidades didácticas e un 30% de avaliación continua.

A avaliación da presente unidade didáctica realizarase do seguinte xeito:

En primeiro lugar unha avaliación inicial que permitira facernos unha idea dos coñecementos previos dos alumnos sobre as existencias. Para iso faráselle un pequeno cuestionario e haberá un debate ao inicio da unidade.

En segundo lugar faremos unha avaliación procesual co fin de detectar dificultades de aprendizaxe dos alumnos. O profesor supervisará os exercicios/preguntas feitas na clase e polos alumnos na casa, así como os resultados das probas realizadas. Os problemas detectados serán resoltos de forma presencial (tanto na aula como nas titorías) como a través do correo electrónico e da USC virtual. A valoración procesual desta unidade didáctica será considerada na avaliación continua da materia.

Por último, no exame final teórico-práctico recolleranse diferentes preguntas tanto teóricas como prácticas relativas a esta unidade didáctica.

BIBLIOGRAFÍA

MASIDE SANFIZ, José Manuel; Sara CANTORNA AGRA; Rosario VIDAL LOPE e América ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ (2013): *Contabilidade financeira: Teoría e práctica do Plan Xeral de Contabilidade*, Editorial Andavira.

PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (2007): Real Decreto 1514/2007 de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, Ministerio de Economía e Facenda.

PLAN XERAL DE CONTABILIDADE DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS (2007): Real Decreto 1515/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e o criterios contables específicos para microempresas, Ministerio de Economía e Facenda.

INSTITUTO DE CONTABILIDADE E AUDITORÍA DE CONTAS (2013a): Resolución de 1 de marzo de 2013, do ICAC, pola que se ditan normas de rexistro e valoración do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios, Ministerio de Economía e Facenda.

— (2013b): Resolución de 28 de maio de 2013, do ICAC, pola que se ditan normas de rexistro, valoración e información a incluír na memoria do inmovilizado intangible, Ministerio de Economía e Facenda.

— (2013c): Resolución de 18 de setembro de 2013, do ICAC, pola que se ditan normas de rexistro e valoración e información a incluír na memoria das contas anuais sobre a deterioración do valor dos activos, Ministerio de Economía e Facenda.

ANEXO I

A modo de exemplo recóllense algunhas preguntas tipo test que o alumno debería ser capaz de contestar correctamente. Os alumnos terán a súa disposición na aula virtual un número importante de cuestións similares.

Nº	Afirmacións	V	F
1	Unha empresa construtora que compre un terreo para desenvolver unha promoción contabilizará no momento da súa compra un activo non corrente		X
2	Unha empresa ten entre as súas existencias a 31/12 un produto semiterminado valorado en 10.000€. No seu proceso de fabricación falta aínda por incorporar custos por 5.000€. Se o produto terminado ten un valor de realización estimado de 14.000€ e os gastos de comercialización estímense en 1.000€, a empresa debe contabilizar unha perda por deterioración de valor dos produtos semiterminados por importe de 2.000€	X	
3	Cando o prezo de adquisición das materias primas sexa identificable de maneira individualizada (ben non intercambiable), o PXC recomenda utilizar para a súa valoración, con carácter xeral, o método do prezo medio ponderado		X
4	Para determinar o custo de produción dos produtos terminados teremos en conta os gastos comerciais e os gastos xerais de administración		X
5	O PXC recomenda por igual os métodos de valoración de existencias: FIFO e prezo medio ponderado		X
6	Unha tenda de mobles compra 100 cadeiras a 10 € cada unha. Os gastos de transporte son por conta do comprador e ascenden a 200 €, e o proveedor ofrécelle un desconto por volume de 100 € e un desconto por pronto pago de 300 €. O prezo de adquisición das 100 cadeiras será de 800 €	X	
7	A conta variación de existencias pode recoller as depreciacións reversibles e irreversibles do inventario da empresa		X
8	A conta variación de existencias de mercaderías poderá ter saldo debedor ou acredor	X	
9	A conta (390) deterioración de valor das mercaderías ten saldo acredor pero sitúase no activo corrente con signo negativo	X	
10	Dentro do prezo de adquisición das existencias sempre se inclúen os intereses que nos cobra o proveedor polo adiamento no pago, independentemente do seu vencemento		X
11	As existencias iniciais de mercaderías nunha empresa son de 100 unidades (prezo de adquisición unitario: 10 €), cómpranse 500 unidades a 15 €/unidade e véndense 500 unidades a 20 €/unidade. Se a empresa utiliza o método FIFO, o saldo da conta variación de existencias de mercaderías será acredor por 1.500 €		X
12	A 31/12 as existencias finais de materias primas ascenden en total a 10.000 € e o seu prezo de reposición total é de 5.000 €. A empresa deberá contabilizar unha perda por deterioración de materias primas por importe de 5.000 € se espera que os produtos terminados aos que se incorporan van a ser vendidos por encima do custo		X

Un exercicio tipo a dominar sería o seguinte:

A empresa proporciónanos os seguintes datos relativos ás súas existencias. As existencias iniciais de mercaderías ascenderon a 10.000 unidades adquiridas a 10,00 €/unidade. Durante o exercicio compráronse 700 unidades a 9,00 €/unidade e 900 unidades a 8,00 €/unidade. A empresa devolve 100 unidades das últimas mercaderías recibidas por atoparse en malas condicións. A final de ano vendéronse

1.200 unidades a 18,00 €/unidade, incorrendo nuns gastos de transporte asociados á venda de 600,00 €. No inventario de final de exercicio o número de existencias ascende a 10.000 unidades. O exercicio anterior a empresa contabilizou unha perda por deterioración de valor por importe de 100,00 €.

Pídese:

- regularizar as existencias, sia empresa aplica o método do prezo medio ponderado;
- contabilizar as correccións valorativas oportunas tendo en conta que o valor de realización das mercaderías ascende a 10,00 €/unidade e que a empresa debe incorrer nuns gastos de comercialización de 0,50 €/unidade para a súa venda; e
- tendo en conta todas as operacións anteriores, ¿cal sería o resultado do exercicio?

Solución:

Despois de contabilizar as operacións realizadas durante o exercicio, o final do mesmo é necesario calcular as existencias finais de mercaderías para proceder a súa regularización. A empresa utiliza o método do PMP.

Fecha	ENTRADAS	SAÍDAS	EXISTENCIAS
Existencias Iniciais			10.000 × 10,00= 100.000,00
Compras	700 × 9,00=6.300,00 900 × 8,00=7.200,00		11.600 × 9,78 =113.500,00
Devolución compras		100 × 8,00=800,00	11.500 × 9,80=112.700,00
Vendas		1.200 × 9,80=11.760,00	10.300 × 9,80=100.940,00
Mermas		300 × 9,80=2.940,00	10.000 × 9,80=98.000,00

Atopámonos ante unha diferenza entre os rexistros contables (10.300 unidades) e o recuento real (10.000 unidades). Para recoller esas diferenzas de inventario efectuamos unha corrección na ficha de almacén, anotando neste caso unha saída de 300 unidades. Supoñemos que se trata dunha perda habitual.

Regularización das existencias:

	Variación de existencias de mercaderías (610) 10.000 Ud. × 10,00€/Ud.	x		Mercaderías (300)	100.000,00
100.000,00		a			
		x			
		x			
98.000,00	Mercaderías (300) 10.000 Ud. × 9,8€/Ud.	a		Variación de existencias de mercaderías (610)	98.000,00
		x			

As existencias finais ascenden a 98.000,00€, e o seu valor neto realizable é de 95.000,00= (10,00-0,50) × 10.000, que implica a contabilización dunha corrección valorativa pola diferenza.

		x		
3.000,00	<u>Perdas por deterioración de mercaderías (6931)</u>	a	<u>Deterioración de valor das mercaderías (390)</u>	3.000,00
		x		

Dado que o exercicio anterior contabilizamos unha perda por deterioración por 100,00€, neste exercicio contabilizaremos a súa reversión.

		x		
100,00	<u>Deterioración de valor das mercaderías (390)</u>	a	<u>Reversión da deterioración de mercaderías (7931)</u>	100,00
		x		

Tendo en conta todas as operacións anteriores calculamos o resultado do exercicio.

		x		
800,00	<u>Devolucións de compras de mercaderías (6080)</u>	a	<u>Resultado do exercicio (129)</u>	22.500,00
21.600,00	<u>Vendas de mercaderías (700)</u>			
100,00	<u>Reversión da deterioración de mercaderías (7931)</u>			
		x		
		x		
19.100,00	<u>Resultado do exercicio (129)</u>	a	<u>Variación de existencias de mercaderías (610)</u>	2.000,00
		a	<u>Compras de mercaderías (600)</u>	13.500,00
		a	<u>Perdas por deterioración de mercaderías (6931)</u>	3.000,00
		a	<u>Transportes (624)</u>	600,00
		x		



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA